



CONCELLO DE REDONDELA

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Tendo en conta que os artigos 169.6 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 21 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais sinalan que *"Se ó iniciarse o exercicio económico non entrase en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do anterior cos seus créditos iniciais... e ata a entrada en vigor do novo orzamento"*.

Visto que a esta data non existe orzamento aprobado para o exercicio 2017, o que constitúe o suposto de feito a que se refiren os dous artigos anteriores.

Dado que o artigo 21.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, por el que se , polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais sinala que *"En ningún caso terán singularmente a consideración de prorrogables as modificacións de crédito nin os créditos destinados a servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos o afectados que, exclusivamente, se fosen a percibirse en dito exercicio"*.

Vistas as prórrogas dos orzamentos do ano 2010 para os anos 2011 e 2012 e os criterios utilizados en ditas prórrogas. Vista a prórroga do orzamento do ano 2012 para o ano 2013 e os criterios utilizados en dita prórroga. Vista a prórroga do orzamento do ano 2013 para o ano 2014 e os criterios utilizados en dita prórroga. Vista a prórroga do orzamento do ano 2014 para os anos 2015 e 2016 e os criterios utilizados en dita prórroga.

Vistos e lidos os Informe da Intervención Municipal de 30 de decembro de 2016, con referencia ASR-30.12.15.4 de cinco páxinas con antecedentes, lexislación aplicable, doce consideracións e conclusión; e ASR-30.12.15.5 de dezanove páxinas con antecedentes, lexislación aplicable, consideracións e conclusión

En función das competencias do artigo 21.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

RESOLVO:

Primeiro.- A aprobación do Orzamento prorrogado do ano 2016 mentres non se aprrobe o Orzamento correspondente ó ano 2017.



CONCELLO DE REDONDELA

Segundo.- Que, en cumprimento do establecido no artigo 21.2 do Real Decreto 500/1990, se practiquen os seguintes axustes á baixa:

ESTADO DE GASTOS

CAP	EXPRESIÓN	Créditos iniciais 16	Axustes baixa	Créditos prorrogados
1	Gastos de persoal	6.244.463,20 €	51.737,67 €	6.192.725,53 €
2	Gastos correntes en bens e servicios	7.529.984,65 €	57.298,51 €	7.472.686,14 €
3	Gastos financeiros	157.018,57 €	0,00 €	157.018,57 €
4	Transferencias correntes	1.276.684,88 €	182.000,00 €	1.094.684,88 €
6	Investimentos reais	2.149.312,16 €	910.864,20 €	1.238.447,96 €
7	Transferencias de capital	400,00 €	0,00 €	400,00 €
8	Activos financeiros	36.000,00 €	0,00 €	36.000,00 €
9	Pasivos financeiros	1.109.525,60 €	0,00 €	1.109.525,60 €
TOTAL		18.516.721,03 €	1.201.900,38 €	15.542.569,60€

As baixas faranse no capítulo 6 de gastos nas seguintes aplicacións orzamentarias 1331A/63200 “Ordenación do tráfico e estacionamento / Edificios e outras construcións” por importe de 56.000,00 €, 1531A/60000 “Vías públicas / Expropiación de terreos” por importe de 78.864,20 €, 1531A/60901 “Vías públicas / Outros investimentos” por importe de 600.000 €, 3341A/68900 “Promoción cultural / Outros gastos en bens patrimoniais” por importe de 6.000 €, 3421B/62300 “Piscina de Redondela / Instalacións técnicas” por importe de 5.000,00 €, 3421C “Piscina de Chapela / Instalacións técnicas “ por importe de 5.000 €, 1641A/63200 “Cemiterio e servicios funerarios / Edificios e outras construcións” por 55.000 €, 3341A/62300 “Promoción cultural / Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe” por importe de 35.000 €, 3341A/63200 “Promoción cultural / Edificios e outras construcións” por importe de 50.000,00 € e 4311A/62300 “Feiras / Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe” por importe de 20.000 €.

No capítulo 4 de gastos as únicas partidas que non se prorrogarán serán as aplicacións orzamentarias que se refiren a convenios ou a subvencións que finalizan no ano 2016 e a aplicación orzamentaria 2411A/4890029 e que ascenden á cantidade de 182.000 €.

No capítulo 1 non se prorrogan cantidades referentes a aplicacións que recollían ós funcionarios interinos adscritos ó programa experimental de emprego e as indemnizacións a dous obradoiros xa rematados e que ascenden á cantidade de 51.737,67 €.



CONCELLO DE REDONDELA

Por último, no capítulo 2 non se prorrogarán as aplicacións orzamentarias 2411A/22726 “Emprego / Programas externo plan integral emprego V” por importe de 17.085,28 €, 2411A/22727 “Emprego / Obradoiro Ecosostible” por importe de 19.388,95 € e 2411A/22728 “Emprego / Programas externo plan integral emprego III” por importe de 20.824,28 €.

Terceiro.- De conformidade co sinalado nas disposicións legais anteriores, as limitacións cuantitativas non serán aplicables ás previsións do Estado de Ingresos; polo tanto, as mesmas prorrogaranse sen sufrir axuste algún, sendo o seu resumo por capítulos o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS

CAP	EXPRESIÓN	Previsións iniciais 16	Axustes	Previsións prorrogadas
1	Impostos directos	7.171.923,58 €		7.171.923,58 €
2	Impostos indirectos	250.000,00 €		250.000,00 €
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.391.995,00 €		2.391.995,00 €
4	Transferencias correntes	7.774.861,49 €		7.774.861,49 €
5	Ingresos patrimoniais	38.608,99 €		38.608,99 €
6	Venda de investimentos reais	160.000,00 €		160.000,00 €
7	Transferencias de capital	36.000,00 €		36.000,00 €
8	Activos financeiros	680.000,00 €		680.000,00 €
9	Pasivos financeiros	7.171.923,58 €		7.171.923,58 €
TOTAL		18.516.721,03 €		18.516.721,03€

Cuarto.- Que así mesmo, quedan prorrogadas as previsións dos estados de ingresos e gastos de Radio Redondela, S.L. coa seguinte previsión:

PREVISIÓN DE GASTOS

	EXPRESIÓN	Previsións iniciais 2016	Axustes á baixa	Previsións prorrogadas
60200000	Compras doutros aprovisionamentos e reparacións	1.327,63 €		1.327,63 €
62200000	Mantemento	1.415,86 €		1.415,86 €
62300000	Servicios de profesionais	2.000,00 €		2.000,00 €



CONCELLO DE REDONDELA

	independentes		
62900002	EMUGA	500 €	500 €
62920000	Dietas	500 €	500 €
62930000	Material de oficina	500 €	500 €
62940000	Teléfono	3.000 €	3.000 €
6310000	Outros tributos	820 €	820 €
640/642	Persoal	57.936,51 €	57.936,51 €
	TOTAL	68.000 €	68.000 €

ESTADO DE INGRESOS

	EXPRESIÓN	Previsións iniciais 2016	Axustes á baixa	Previsións prorrogadas
74000000	Transferencias do Concello	68.000 €		68.000 €
	TOTAL	68.000 €		68.000 €

Quinto.- A prórroga igualmente automática das bases de execución do orzamento do ano 2016.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.